

SANIDADE DESTINA MÁIS DE 850.000 EUROS AO DESENVOLVEMENTO DE NOVOS PROGRAMAS SOCIOSANITARIOS NOS ÁMBITOS DOS TRASTORNOS MENTAIS E ADICTIVOS

- *O obxectivo principal é impulsar a realización de accións que melloren a asistencia aos trastornos mentais e que diminúan o impacto que producen nas persoas afectadas e nos seus achegados*
- *A convocatoria desenvolverase na modalidade de concorrencia competitiva e inclúe, entre as súas novidades, unha liña de actuación específica para a prevención do suicidio*

O Consello da Xunta autorizou a convocatoria do procedemento de concesión de subvencións para o desenvolvemento de programas de interese xeral nos ámbitos dos trastornos mentais e adictivos. Para esta convocatoria, destinada ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, a Xunta de Galicia investirá un total de 864.509 euros.

Con este orzamento, o Executivo galego continúa a executar o Plan de saúde mental de Galicia postCOVID 2020-2024, cuxo obxectivo principal é realizar accións que melloren a asistencia dos trastornos mentais, así como diminuír o impacto destas doenzas, tanto nas persoas que as sofren, como nos seus achegados.

A convocatoria desenvolverase na modalidade de concorrencia competitiva e poderán acceder a ela aquelas entidades sociais sen ánimo de lucro que promovan novas estratexias que dean resposta ás necesidades da poboación que sofren doenzas de tipo mental.

Neste sentido, as iniciativas susceptibles da concesión destas axudas están divididas en 5 liñas de actuación. Nomeadamente: proxectos de investimento en melloras nos centros sanitarios cuxa actividade asistencial principal sexa o desenvolvemento de programas asistenciais e psicosociais ou preventivos en materia de trastornos mentais; programas de intervención comunitaria en persoas con trastorno mental severo; programas de prevención de recaídas no alcoholismo ou na ludopatía e programas de incorporación social e fomento do emprego en persoas con trastornos mentais - incluídos os trastornos adictivos-. Por último, e como novidade, artellouse unha liña específica de financiamento para desenvolver programas destinados á prevención do suicidio.

En 2021, a pegada da pandemia provocada pola COVID-19 na poboación galega fai preciso un apoio especial para todos os tipos de trastornos mentais, incluídos os adictivos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Porén, cómpre promover programas que se poidan levar a cabo nas actuais condicións de distanciamento social e eventual illamento. Por este motivo, con esta orde tamén se favorece a realización de programas de teleasistencia e atención domiciliaria, programas destinados á atención de menores en situación de risco de padecemento dun trastorno mental e outros colectivos vulnerables.

Estas axudas dan continuidade ás realizadas ao longo do ano 2020 e no primeiro terzo de 2021, cuxo valor superou os 1.035.579 euros, a través dunha convocatoria de axudas extraordinaria por valor de 517.060 euros, convenios nominativos por un valor de 399.019 euros, e unha liña para programas de prevención de recaídas en alcoholismo e ludopatía por valor de 119.500 euros.